



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015755	Rosalía de Castro	Santiago de Compostela	2017/2018

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC03	Animación sociocultural e turística	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1123	Actividades de lecer e tempo libre	2017/2018	9	156	187

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	RUFINO DAVID LUACES GUDÍN
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Contorno profesional.

1. As persoas que obteñan o título de técnico superior en Animación Sociocultural e Turística han exercer a súa actividade no sector dos servizos á comunidade (desenvolvemento comunitario e información xuvenil), no sector dos servizos culturais (lectura e información, tecnoloxías da información e da comunicación, etc.) e de recursos e produtos culturais diversos, e nos sectores de servizos turísticos e de lecer e tempo libre (actividades lúdicas e deportivas, ambientais e de aire libre).

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

Coordinador/ora de tempo libre educativo infantil e xuvenil.

Director/ora de tempo libre educativo infantil e xuvenil.

Responsable de proxectos de tempo libre educativo infantil e xuvenil.

Coordinador/ora ou director/ora de campamentos, albergues de xuventude, casas de colonias, granxas-escola, e aulas de casas de xuventude e escolas de natureza.

Monitor/ora de tempo libre.

Animador/ora sociocultural.

Dinamizador/ora comunitario/a.

Asesor/ora para o sector asociativo.

Técnico/a comunitario/a.

Xestor/ora de asociacións.

Técnico/a de servizos culturais.

Animador/ora cultural.

Informador/ora xuvenil.

Animador/ora de hotel.

Animador/ora de veladas e espectáculos.

Animador/ora de actividades recreativas ao aire libre en complexos turísticos.

Xefe/a de departamento en animación turística.

Prospectiva do título no sector ou nos sectores.

1. A empregabilidade do título de técnico superior en Animación Sociocultural e Turística vén avalada polo amplo número de sectores profesionais en que desenvolve a súa actividade e que abranguen desde os servizos á comunidade ¿a través do desenvolvemento comunitario e a información xuvenil¿ aos servizos culturais e turísticos, e de lecer e tempo libre.

2. A incorporación de actividades profesionais xeradas en novos sectores, como a animación xerontolóxica, aumentará considerablemente as posibilidades de inserción laboral das persoas con esta titulación.

3. A expansión das posibilidades que ofrece a rede para a información e a comunicación fai necesarias intervencións que promovan un uso responsable destes medios por parte da xuventude, polo que o maior peso da formación relacionada coa información xuvenil e a intervención socioeducativa con este sector da poboación ha redundar tamén nunha maior empregabilidade.

4. Tamén constitúen campos de inserción laboral emerxentes os relacionados coa animación á lectura e a difusión das tecnoloxías da información e da comunicación.



5. Finalmente, a empregabilidade das persoas con esta titulación aumenta considerablemente, porque a formación do título se dirixe tanto ao persoal monitor de tempo libre como ao de dirección de actividades de lecer e tempo libre, exixidos polas administracións das comunidades autónomas.



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Proxectos de lecer e tempo libre		60	25
2	Organización de actividades de lecer e tempo libre		40	25
3	Posta en práctica das actividades de lecer e tempo libre		40	25
4	Actividades de lecer no entorno natural		47	25



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Proxectos de lecer e tempo libre	60

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica proxectos de lecer e tempo libre, tendo en conta a relación dos principios da animación no lecer e no tempo libre coas necesidades das persoas usuarias e as características dos equipamentos e dos recursos	SI
RA5 - Desenvolve actividades de seguimento e avaliación das actividades de lecer e tempo libre seleccionando estratexias, técnicas e recursos para identificar os aspectos susceptibles de mellora	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Valoráronse os contextos de intervención no lecer e no tempo libre
CA1.2 Caracterizouse os principios da animación no lecer e no tempo libre
CA1.3 Establecéronse as bases da educación no tempo libre
CA1.4 Adecuouse o proxecto de lecer e tempo libre ás necesidades das persoas usuarias
CA1.5 Valoráronse estratexias para o desenvolvemento de actividades de lecer e tempo libre
CA1.6 Seleccionáronse os equipamentos e recursos de lecer e tempo libre
CA1.7 Identifícanse as funcións e o papel do persoal animador nas actividades de lecer e tempo libre
CA1.8 Xustificouse a importancia da intencionalidade educativa no lecer e no tempo libre
CA5.1 Seleccionáronse os indicadores que cumpra seguir na avaliación de proxectos e actividades de lecer e tempo libre
CA5.2 Definíronse as técnicas e os instrumentos para a realización da avaliación no ámbito do lecer e tempo libre
CA5.3 Elaboráronse e cubríronse rexistros de seguimento dos proxectos e actividades de lecer e tempo libre
CA5.4 Elaboráronse informes e memorias de avaliación
CA5.5 Usáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para a elaboración do seguimento e a avaliación das actividades
CA5.6 Transmitíronselles os resultados da avaliación ás persoas implicadas
CA5.7 Tivéronse en conta procesos de calidade e mellora no desenvolvemento do proxecto de animación de lecer e tempo libre
CA5.8 Xustificouse a importancia da avaliación no proceso de intervención educativa na animación de lecer e tempo libre

4.1.e) Contidos

Contidos
Lecer e tempo libre. Uso dos tempos: tempo libre. Lecer: dimensións.



Contidos

Valoración do lecer e do tempo libre para a educación en valores.

Valoración do lecer como dereito.

Pedagogía do lecer.

Fundamentos pedagóxicos da educación para o tempo libre.

Necesidades de lecer actuais.

Lecer inclusivo: ocupación do tempo libre nas persoas con discapacidade.

Planificación de proxectos de lecer e tempo libre: adaptación a colectivos específicos.

Metodoloxía da animación de lecer e tempo libre: estratexias e técnicas.

Análise de recursos e equipamentos de lecer e tempo libre. Centros de lecer e tempo libre. Análise de institucións e políticas de lecer a nivel comunitario, estatal, autonómico, provincial e local. Administración, sector privado, sector comunitario e terceiro sector. Centros de lecer e tempo libre. Centros escolares: actividades extraescolares. Análise de servizos e programas.

Análise do papel do persoal animador e diferentes profesionais nas actividades de lecer e tempo libre.

Avaliación de proxectos de animación de lecer e tempo libre.

Técnicas e instrumentos para realización da avaliación no ámbito do lecer e o tempo libre.

Indicadores de avaliación.

Elaboración e formalización de rexistros de seguimento.

Elaboración de memorias e informes.

Uso das tecnoloxías da información e da comunicación para a avaliación e o seguimento das actividades de lecer e tempo libre.

Importancia da transmisión da información para o desenvolvemento de proxectos de animación de lecer e tempo libre.

Xestión de calidade nos proxectos e actividades de lecer e tempo libre.

Importancia da avaliación no proceso de intervención educativa nas actividades de lecer e tempo libre.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Organización de actividades de lecer e tempo libre	40

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Organiza actividades de lecer e tempo libre educativo, para o que analiza os espazos e os recursos, así como a normativa en materia de prevención e seguridade	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse os principios da pedagogía do xogo
CA2.2 Identifícanse os tipos e as pautas de evolución do xogo
CA2.3 Seleccionáronse xogos para o desenvolvemento das habilidades sociais, intelectuais e motrices
CA2.4 Seleccionáronse espazos, recursos e materiais para o desenvolvemento de actividades lúdicas
CA2.5 Establecéronse criterios para a organización de espazos e materiais
CA2.6 Establecéronse estratexias para a utilización de recursos lúdicos nas actividades de lecer e tempo libre
CA2.7 Tivéronse en conta as medidas de seguridade e prevención na realización das actividades de lecer e tempo libre educativo
CA2.8 Argumentouse o valor educativo do xogo

4.2.e) Contidos

Contidos
Pedagogía do xogo: valor educativo do xogo.
0Tipos de actividades lúdicas: grandes xogos: xincanas, feiras, rallyes, pistas e rastrexamentos.
Organización e selección de materiais para as actividades de lecer e tempo libre.
Xoguete: tipos.
Deseño e confección de materiais alternativos para o seu uso nas actividades lúdicas.
Prevención e seguridade en espazos de lecer e tempo libre.
Valoración da importancia da xeración de ámbitos seguros nas actividades de lecer e tempo libre.
Identificación do valor educativo do xogo.
Xogo: teorías e tipoloxía.
Uso do xogo na animación de lecer e tempo libre.
Recursos lúdicos.
Provisión de xogos.



Contidos

Xogos para o desenvolvemento das habilidades sociais e intelectuais.

Xogos para o desenvolvemento motor da persoa.

Organización de espazos de lecer.

Espazos de xogo: ludoteca, parques infantís de lecer, etc.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Posta en práctica das actividades de lecer e tempo libre	40

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Pon en práctica actividades de lecer e tempo libre seleccionando recursos e técnicas educativas de animación	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Utilizáronse técnicas para o desenvolvemento da expresión oral, corporal, musical, plástica e audiovisual
CA3.2 Seleccionáronse xogos para o desenvolvemento das habilidades sociais, intelectuais e motrices
CA3.3 Seleccionáronse os recursos tendo en conta os obxectivos da intervención
CA3.4 Utilizáronse recursos audiovisuais e informáticos como ferramentas de animación no lecer e no tempo libre
CA3.5 Acondicionáronse os espazos atendendo á potencialidade educativa das actividades
CA3.6 Adaptáronse os recursos e as técnicas de animación ás necesidades das persoas usuarias
CA3.7 Argumentouse a importancia das técnicas de expresión para o desenvolvemento da creatividade das persoas usuarias

4.3.e) Contidos

Contidos
Animación e técnicas de expresión.
Adecuación dos recursos expresivos ás necesidades da poboación usuaria.
Aplicacións dos recursos audiovisuais e informáticos na animación de lecer e tempo libre.
Valoración da importancia da expresión no ámbito do lecer e o tempo libre.
Creatividade: significado e recursos.
Introdución á expresión oral, plástica, corporal, motora, musical e audiovisual.
Obradoiros na educación no tempo libre. Organización e acondicionamento de espazos.
Aplicación de técnicas para o desenvolvemento da expresión oral, plástica, corporal, motora, musical e audiovisual.
Deseño de actividades para o lecer e tempo libre a partir de recursos e técnicas expresivas.
Deseño de actividades de lecer e tempo libre normalizadas para persoas con discapacidade.
Realización de actividades para o desenvolvemento da expresión.
Elaboración de recursos.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Actividades de lecer no entorno natural	47

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de lecer e tempo libre no medio natural respectando os principios de conservación ambiental e as medidas de prevención e seguridade	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Valórase a importancia da educación ambiental a través das actividades de lecer e tempo libre
CA4.2 Defínense as características do medio natural como espazo de lecer e tempo libre
CA4.3 Aplícanse técnicas e ferramentas coherentes cos obxectivos do proxecto de actividades de lecer e tempo libre no medio natural
CA4.4 Selecciónanse estratexias e pautas de actuación para o desenvolvemento de actividades educativas no medio natural
CA4.5 Valórase a importancia de xerar ámbitos seguros no medio natural, reducindo riscos
CA4.6 Identifícanse os recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades no medio natural
CA4.7 Organízanse os recursos humanos para garantir o desenvolvemento da actividade
CA4.8 Aplícanse protocolos de atención en casos de situacións de emerxencia nas actividades desenvolvidas no medio natural
CA4.9 Analízase o impacto ambiental das actividades de lecer e tempo libre

4.4.e) Contidos

Contidos
Educación ambiental: fins e obxectivos. Educación ambiental no medio natural e no medio urbano. Marco legislativo nas actividades ao aire libre.
Rutas e campamentos.
Coordinación dos recursos humanos ao seu cargo.
Prevención e seguridade nas actividades de lecer e tempo libre no medio natural.
Situacións de emerxencia no medio natural.
Impacto das actividades de lecer e tempo libre na natureza.
Instalacións para a práctica de actividades no medio natural.
Uso e mantemento dos recursos no medio natural.
Organización e desenvolvemento de actividades para o medio natural.
Actividades en instalacións ao aire libre: campos de traballo, granxas escola e aulas de natureza.
Técnicas de descuberta do medio natural.



Contidos

Xogos e actividades ambientais: xogos de interpretación e simulación ambiental.

Análise e aplicación de recursos de excursionismo.

Actividades de orientación no medio natural.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva están indicados en cada unha das unidades didácticas. As porcentaxes referidas ao "peso da cualificación" de cada criterio de avaliación que figuran nas UD son meramente orientativas para a docencia de forma que, para a obtención da nota trimestral, teranse en conta os seguintes criterios de cualificación:

A cualificación trimestral do módulo obterase do xeito seguinte:

-Un 60% da mesma procederá da cualificación obtida na proba escrita e/ou oral (exame) que se realizará ao final de cada trimestre.

As probas escritas e/ou orais teórico prácticas, en función da materia a avaliar poderán ter unha formulación diversificada no tipo de preguntas (test, preguntas breves, de desenvolvemento, casos prácticos...).

Para superar o módulo é necesario ter acadado unha puntuación positiva neste apartado. (É necesario ter un mínimo de 5 sobre 10 na proba/exame)

O alumno/a que faltase á convocatoria dun exame ou proba práctica sen causa xustificada, terá a avaliación e/ou módulo suspenso, en función da convocatoria da que se trate.

-Un 40% procederá das cualificacións obtidas na realización do traballo individual e/ou grupal proposto na aula. Nestes traballos serán avaliados segundo os criterios de presentación, estrutura, contidos, bibliografía e exposición.

Non se admitirán traballos individuais ou de grupo que se entreguen fóra de prazo (exc. Causa xustificada)

A cualificación final do módulo obterase coa media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das avaliacións tendo que estar todas superadas.

As cualificacións das avaliacións parciais e final será numérica entre 1 e 10, sen decimais. Se o primeiro decimal é igual ou inferior a 5, a nota redondéase á baixa. Pola contra, se ese primeiro decimal é superior a 5, a nota sería redondeada á alza

As persoas que perdan o dereito á avaliación continua examinaranse na proba final que constará de dúas partes, unha teórica e outra de carácter práctica.

IMPORTANTE aclarar que de darse o caso de que algún alumno ou alumna mostre unha actitude reiterada de obstrución e non colaboración no proceso de ensino-aprendizaxe, entorpecendo un satisfactorio desenvolvemento das sesións na aula, despois de que sexa apercibido verbalmente en diversas ocasións, poderá ser expulsado da aula durante a sesión. No caso de que se repita esta situación, implicará unha cualificación negativa en todos aqueles criterios de avaliación de natureza actitudinal, o que significará a non superación do módulo na avaliación ordinaria.

Tamén poderá conlevar unha cualificación negativa se se producen de forma reiterada algún dos seguintes comportamentos: unha baixa ou nula participación na aula, non respectar as quendas de palabra, a utilización dun tono de voz non axeitado ás circunstancias, a consulta de páxinas web non relacionadas coa actividade a desenvolver en cada momento, o uso non acordado do teléfono móbil durante as sesións, faltas de comportamento cos compañeiros ou profesorado e a utilización de vocabulario non axeitado.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As probas de recuperación ordinarias realizaranse ao finalizar a 2ª avaliación para o alumnado de 2º. Dependendo de cada caso en particular, poderá consistir en:

-Realización dunha exposición ou de probas de carácter procedemental similares ás efectuadas na aula.

-Entrega dos traballos realizados durante o curso

-Realización dunha proba escrita de carácter teórico e/ou práctico que permita avaliar de forma efectiva os criterios de avaliación que se precisen recuperar. Poderá incluír todos os contidos traballados na correspondente avaliación.

En todos os casos, a puntuación obtida deberá ser igual ou superior a 5 para aprobar. E a cualificación final do módulo calcularase mediante a media aritmética de cada avaliación, unha vez recuperadas todas as unidades. Esta cualificación expresarase numericamente, entre 1 e 10, sen



decimais.

No caso do alumnado que non poida acceder á FCT no período ordinario por non ter superado o módulo, poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, seralle asignada unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que será avaliado. Realizarase un informe de avaliación individualizado.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que teña perdido o dereito ao sistema de avaliación continua (19 faltas ou máis sen xustificar) poderá seguir asistindo a clase, pero deberá acollerse ao sistema extraordinario de avaliación. O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá:

-Actividades prácticas (supostos prácticos, sesións prácticas), que o alumno presentará en tempo e forma (a criterio do profesor).

-Nunha proba teórica (escrita e /ou oral) conceptual de todo o módulo, na que terá que aprobar cunha nota mínima de 5.

Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 tanto nas actividades desenvolvidas e/ou presentadas como na proba teórica e na valoración actitudinal, non existindo a posibilidade de facer media entre as probas si algunha non fose superada, nin de gardar parte aprobada se fose o caso.

O contido e forma das probas poderá ser diferentes das empregadas na avaliación ordinaria segundo o criterio do profesor.

Sinalar que para o alumnado con perda do dereito á avaliación continua, terase en conta tal e como establece o artigo 25.3 da Orde do 12 de xullo de 2011: O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro, e que poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial.

A este respecto e para informar ao alumnado o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia nun determinado módulo superen o 6% respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo se acumúlase un 10% de non asistencias con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe, comunicárase a perda do dereito á avaliación continua por escrito.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Determinará en que medida as actividades, metodoloxía, recursos... son axeitados para lograr os obxectivos fixados. Tómanse, tamén, tres momentos para avaliála: inicial (diagnose), de proceso (continua) e final (sumativa), en síntese, formativa.

Algúns dos aspectos sobre os que procede reflexionar, froito dos datos obtidos ao longo do curso, son:

- Adecuación dos obxectivos e dos contidos e actividades e a súa secuenciación.
- Diversificación de estratexias que respondan aos distintos ritmos de aprendizaxe.
- Adecuación da metodoloxía e dos espazos e materiais empregados.
- Nivel de interacción con e entre o alumnado e clima establecido na clase.
- Coordinación do profesorado.
- Validez das estratexias de avaliación establecidas no módulo.

Unha vez avaliada a programación, tomaremos decisións sobre o que debemos modificar, orientando novamente o proceso de E-A, sempre coa finalidade última da optimización. Notificarase calquera cambio ou recondución que se considere oportuno realizar ao longo do presenta curso e no próximo.

O seguimento da programación será documentada por cada docente a través do modelo previsto na aplicación informática para a xestión das



programacións, dando conta mensualmente do seu grao de cumprimento nas reunións de equipo docente.

Ao final de curso cada docente realizará a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido na que se incluírán tódalas propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Coincidindo co inicio das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Para este módulo pasarase durante a segunda quincena do curso, unha proba de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado) .

Con esta pequena proba (oral ou escrita) o profesor verificará:

- 1.O nivel de expresión e riqueza de vocabulario que manexa o alumnado.
- 2.As razóns polas que escolleu os estudos e o nivel de motivación que amosa.
- 3.As expectativas que ten respecto do ciclo e do módulo.

Con estes datos poderase facer unha análise particular de cada alumno/a e do conxunto do grupo-clase que, xunto coa información aportada polo resto do profesorado e do/a titor/a, extraída de informes e expedientes persoais, permitirán a realización da avaliación inicial tal e como fixa a normativa vixente.

Antes do inicio do modulo e sempre antes de cada unidade didáctica realizarase unha avaliación inicial doscoñecementos previos do alumnado co fin de organizar os contidos da unidade didáctica dun xeito máis adecuado o perfil do alumnado.

Para levar a cabo a avaliación inicial de cada unidade sondearanse os coñecementos previos do alumnado mediante técnicas como a realización de preguntas directas ou a chuvia de ideas.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades.

Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, dado que a lexislación vixente contempla o reforzo educativo como medida de atención á diversidade, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva os resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilización.

A dispoñibilidade por parte do profesor será permanente para a mellora de cantas condicións sexan necesarias no desenvolvemento do proceso de E-A , sempre e cando se preserve a igualdade de oportunidades como principio dentro da aula.

Durante o curso actual non hai alumnado que precise medidas de reforzo educativo de carácter específico. En calquera caso, de xeito xenérico, para dar resposta ás necesidades do alumnado con maiores dificultades desenvolveremos, entre outras, as seguintes estratexias de atención á diversidade:

- Indicación de actividades de reforzo educativo.
- Utilización de reforzos verbais positivos para mellorar a valoración das propias capacidades.
- Promoción do traballo cooperativo, que facilitará o intercambio de coñecementos, intereses e experiencias.



9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Dados os obxectivos e as características do módulo no marco xeral do Ciclo Formativo, podemos citar valores a traballar de forma directa e transversal, incorporándose á dinámica das clases aspectos relacionados con:

- O lecer inclusivo.
- A responsabilidade individual e colectiva.
- A solidariedade e o compromiso social.
- O respecto e a tolerancia.
- A igualdade de oportunidades en xeral, e de mulleres e homes en particular.
- O traballo en equipo e a cooperación.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso promoveranse diferentes actividades complementarias e extraescolares tendentes a unha adecuada consecución dos resultados de aprendizaxe previstos no currículo, na seguinte liña de actuación:

- Charlas de profesionais que desenvolven o seu labor no ámbito da ASCT, e no campo do lecer en tempo libre en particular.
- Visitas a entidades que desenvolven o seu labor no ámbito da ASCT especialmente no eido do lecer e tempo libre.
- Saída con pernocta e acampada, para desenvolver os contidos da unidade de actividades na natureza.
- Planificación e execución de diferentes eventos que se propoñan dende o centro educativo (Samaín, Magosto, Entroido...)
- Calquera outra visita ou saída que sexa de interese pedagóxico para o módulo e o ciclo será analizada no momento en que se propoña polo equipo educativo, dirección do centro e departamento de Orientación.